

EDITO CAMBIO BASES DE CONCURSO DE ENTROIDO DO CONCELLO DE MUXÍA

Por Decreto de Alcaldía de 6 de febreiro de 2025, aprobouse resolución que modifica as bases de entroido quedando do seguinte xeito:

ENTROIDO CONCELLO DE MUXÍA. BASES PARA O CONCURSO DE DISFRACES.

Bases

1. É obxecto destas bases regular as normas que rexen o concurso de disfraces que se desenvolve na festa de entroido do Concello de Muxía.
2. Poderán participar tódalas persoas, asociacións, comunidades, colectivos e grupos de persoas que o desexen
3. Haberá catro categorías de concurso:
 - Infantil (individual)
 - Adultos (individual)
 - Grupos
 - Comparsa
4. Para o concurso infantil e para o de adultos individual a inscrición farase no mesmo momento do concurso, na mesa do xurado , según modelo de inscrición..
5. No concurso de Infantil o xurado sólo puntuará aos nenos e nenas, se van en grupo acompañados de adultos, éstos non puntúan.

A participación no concurso de infantil é para nenos e nenas de ata 12 anos de idade.
6. Para o concurso de grupos, estes deberán estar formados por un mínimo de catro persoas que fagan conxunto cos disfraces ou temática dos mesmos, e podendo ser de adultos, infantil ou mesturar adultos con nenos/as. A diferenza coas comparsas está en que non se pide actuación escénica ou musical.
7. Para o concurso de comparsas, estas deberán estar formadas por un mínimo de cinco persoas e as actuacións non poden exceder dos 30 minutos.
8. Para a categoría de comparsas e para a de grupos , os participantes deberán inscribirse previamente no Concello de Muxía, presencialmente ou ben en sede electrónica

9. As comparsas e grupos deberán presentarse no lugar do concurso á hora que se lles indique no momento de inscribirse. A orde de actuación será a mesma que a de inscrición. Se algunha comparsa ou grupo non está presente no momento en que lle toca actuar pode quedar eliminada. Se se presentan tarde, o xurado considerará se a tardanza é xustificada e valorará se pode actuar e concursar ao final.
10. Non se admitirá a concurso ningunha comparsa nen grupo que non estean inscritos previamente no Concello
11. Os premios faranse efectivos por transferencia bancaria, no número de conta que se indique na documentación a presentar (adxuntando certificación bancaria do número de conta). No caso de persoas premiadas menores de idade, a transferencia farase a un/ha titor/a legal unha vez entregada a debida documentación.

En todo o proceso aplicarase o regulamentado na normativa vixente en cada momento, (especialmente en materia de retencións IRPF, subvencións e facendas locais)

De conformidade co artigo 11 da Lei Xeral de Subvencións, poderán acceder á condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo devandita actividade.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar a cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 desta lei. No caso de non especificar a cada un deles imputaráselle todo ó representante.

12. Os premios a entregar son os seguintes:

INFANTIL

1º PREMIO..... 100 €

2º PREMIO..... 50 €

3º PREMIO..... 25 €

ADULTOS

Haberá un único premio de 150 €.

GRUPOS (Grupo de máis dun mínimo de catro persoas-adultos ou infantil, ou adultos con infantil- disfrazadas facendo conxunto, sen obriga de actuación musical nin coplas)

1º PREMIO 200 €

2º PREMIO100 €

3º PREMIO.....50 €

E COMPARSAS (coplas ou actuacións escénicas, musicais ou baile, mínimo cinco persoas)

1º PREMIO.....900 €

2º PREMIO.....400 €

3º PREMIO.....200 €

13. O xurado estará composto por representantes de asociacións e persoal municipal:
14. O fallo do xurado é inapelable e darase a coñecer no palco mesmo antes da entrega de premios
15. Valorarase a orixinalidade, a creatividade, a caracterización, a posta en escea durante as actuacións e as carrozas ou enseres que acompañan ao disfraz .A puntuación final de cada persoa ou grupo será a suma da valoración de cada membro do xurado, que puntuará 5 como máximo e 1 como mínimo.
16. A participación no concurso supón a aceptación destas bases.
17. Anualmente se publicará a convocatoria do concurso.

Muxía, 7 febreiro 2025. O Alcalde, Fco. Javier Sar Romero

FICHA DE INSCRICIÓN PARA O CONCURSO DE COMPARSAS E GRUPOS DE ENTROIDO DO CONCELLO DE MUXÍA

grupo

Nome do grupo _____

NIF do grupo ou asociación (en caso de estar constituídos como tal) _____

1º representante. Nome e apelidos da persoa representante do grupo _____

DNI _____

Enderezo _____

Tf de contacto _____

2º representante. Nome e apelidos da persoa representante do grupo

DNI _____

Enderezo _____

Tf de contacto _____

3º representante. Nome e apelidos da persoa representante do grupo

DNI _____

Enderezo _____

Tf de contacto _____

4º representante. Nome e apelidos da persoa representante do grupo

DNI _____

Enderezo _____

Tf de contacto _____

SINATURAS



comparsa

Nome da
comparsa _____

NIF do grupo ou asociación (en caso de estar constituídos como tal) _____

1 º representante. Nome e apelidos da persoa representante da
comparsa _____

DNI _____

Enderezo _____

Tf de contacto _____

2 º representante. Nome e apelidos da persoa representante da
comparsa _____

DNI _____

Enderezo _____

Tf de contacto _____

3 º representante. Nome e apelidos da persoa representante da
comparsa _____

DNI _____

Enderezo _____

Tf de contacto _____

4 º representante. Nome e apelidos da persoa representante da
comparsa _____

DNI _____

Enderezo _____

Tf de contacto _____

5 º representante. Nome e apelidos da persoa representante da
comparsa _____

DNI _____

Enderezo _____

Tf de contacto _____

SINATURAS

FICHA DE INSCRICIÓN PARA O CONCURSO DE INFANTIL DE ENTROIDO DO CONCELLO DE MUXÍA

Nome do disfraz _____

1.Nome do neno/a _____

2.Nome do neno/a _____

3.Nome do neno/a _____

Nome e apelidos da persoa representante do menor

DNI _____

Enderezo _____

Tf de contacto _____

SINATURA

FICHA DE INSCRICIÓN PARA O CONCURSO DE ADULTOS DE ENTROIDO DO CONCELLO DE MUXÍA

Nome do disfraz _____

1.Nome e apelidos da persoa _____

DNI _____

Enderezo _____

Tf de contacto _____ SINATURA